



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

CURSO COTSG

A ORIENTACIÓN LABORAL CON PERSOAS EN SITUACIÓN DE VULENRABILIDADE SOCIAL




- 
- 01.** RESUMO DO CURSO
 - 02.** FUNDAMENTACIÓN
 - 03.** OBXECTIVOS
 - 04.** CONTIDOS FORMATIVOS
 - 05.** PERSOAS DESTINATARIAS
 - 06.** CALENDARIO
 - 07.** METODOLOXÍA
 - 08.** AVALIACIÓN
 - 09.** DOCENTE



ÍNDICE

RESUMO DO CURSO




50 horas




Do 3 de marzo ao 7 de maio de 2025








En liña con sesións de videoconferencia




40€ para persoas colexiadas e pre-colexiadas
80€ para persoas non colexiadas



A ORIENTACIÓN LABORAL CON PERSOAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE SOCIAL

-  50 horas
-  Teleformación
-  3 de marzo ao 7 de maio de 2025
-  Persoas colexiada sou pre-colexiadas **40€** ~~antes 80€~~
Persoas non colexiadas **80€**
-  **Docentes:** Asociación APES
-  **Inscripción aberta** ata o 23 de febreiro de 2025 ou ata completar prazas



Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

FUNDAMENTACIÓN

A Asociación APES nace para fomentar a prevención dos comportamentos de risco social. As persoas que atendemos atópanse en situación de risco para a súa estabilidade persoal, familiar e social, aínda que son as persoas reclusas e exreclusas coas que mais experiencia temos. Dende 2008 traballamos simultaneamente en tres eidos de xeito transversal: o educativo, o emprego e o penitenciario, e como o noso enfoque é preventivo, levamos a cabo accións para atender a persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade asociada á falta de emprego. Estas accións son a orientación, a formación, intermediación laboral e accións de sensibilización.

Dende APES entendemos a falta de emprego como un factor de risco, podendo derivar en situacións de pobreza e aumentar a vulnerabilidade das persoas na nosa sociedade. Dende a nosa misión preventiva ofrecemos alternativas no proceso de acompañamento para dotar de medios formativos, recursos e ferramentas, tamén prestamos especial atención ós procesos de xestión emocional que se producen durante a busca de emprego. De xeito individualizado temos en conta que acompañar neste proceso, ofrecendo os medios descritos, contribúe positivamente no autoconcepto xa que xera autonomía e favorece a capacitación das persoas.

A nosa experiencia cos diferentes programas de emprego que levamos a cabo e as súas peculiaridades permítenos abordar de xeito transversal a inclusión social de colectivos vulnerabilizados. Dende 2011 atendemos a persoas desempregadas como entidade Incorpora, da Fundación La Caixa, mellorando a capacitación formativa e dotando de ferramentas que melloran a empregabilidade. Destacamos que, gracias a este programa, estamos en contacto estreito co tecido empresarial da nosa cidade, isto permítenos coñecer as necesidades do mercado laboral e anticiparnos para poder ofrecer opcións formativas ás persoas coas que traballamos aproveitando os nichos de emprego e favorecendo a tódolos axentes implicados.

FUNDAMENTACIÓN

No ano 2019 adherímonos a rede de centros asociados ó SPEG para ofrecer o servizo de orientación laboral. Este servizo permítenos desenvolver accións de orientación laboral para que a persoa demandante de emprego coñeza e manexe os recursos da súa zona. Este tipo de acompañamento ademais de permitirlle á persoa alcanzar obxectivos laborais ou formativos, tamén lle permite empoderarse dende a promoción de motivación e a toma de decisións, xa que participa no deseño conxunto do seu propio itinerario.


A nosa participación nun proxecto piloto de Programa Integrado para o fomento da empregabilidade dirixido a persoas vulnerables, no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, entre os anos 2022-2023 da man de EAPN permitiunos desenvolver itinerarios sociolaborais totalmente personalizados dende as boas prácticas adquiridas en todo o noso percorrido como entidade. Ofrecimos un servizo totalmente diferenciado e integral, tendo en conta a individualización e a situación concreta de vulnerabilidade co obxectivo de desburocratizar os procesos de mellora da situación de orixe en todas as esferas das persoas participantes. Todo este traballo de acompañamento das persoas desempregadas en situación de vulnerabilidade culminou na participación na elaboración dun manual onde se recollen as boas prácticas de todas as entidades participantes da comunidade autónoma alcanzando incidencia política.

Gracias a colaboración cos servizos sociais da nosa cidade as persoas que se atopan vulnerabilizadas por falta de emprego acceden ó programa Presentes. A metodoloxía centrada na persoa marca o ritmo destes itinerarios dentro de diferentes liñas específicas de adestramento de competencias persoais e formación, en consecuencia coas súas necesidades e motivacións.

Baseamos esta formación na nosa experiencia de acompañamento na orientación laboral, acercando o coñecemento e partillando as boas prácticas co fin de facilitar o proceso de busca de emprego no que se atopan as persoas.


OBXECTIVOS

- Achegar ao alumnado os coñecementos necesarios para abordar a orientación laboral.
- Dar a coñecer o marco de referencia para o exercicio da profesión en orientación laboral.
- Dar a coñecer o contexto do mercado de traballo para unha orientación laboral eficaz.
- Dar a coñecer os contextos e vulnerabilidade social para chegar as dificultades na orientación laboral.
- Aportar técnicas e ferramentas para o acompañamento na orientación laboral.
- Aportar unha perspectiva de xénero na orientación laboral.
- Achegar ao alumnado á figura do/a traballador/a social no ámbito de emprego, así como o papel das entidades sociais neste eido.





CONTIDOS FORMATIVOS



MÓDULO 1. A ORIENTACIÓN LABORAL. CONCEPTUALIZACIÓN.

MÓDULO 2. MARCO DE REFERENCIA DA ORIENTACIÓN: OS SERVIZOS DE EMPREGO PÚBLICO EN ESPAÑA.

MÓDULO 3. O MERCADO DE TRABALLO ACTUAL E OS SISTEMAS DE INTERMEDIACIÓN.

MÓDULO 4. A FIGURA DA PERSOA ORIENTADORA LABORAL.

MÓDULO 5. USUARIOS E USUARIAS DA ORIENTACIÓN LABORAL.

MÓDULO 6. ORIENTACIÓN HACIA Á BAE. TÉCNICAS E FERRAMENTAS.

MÓDULO 7. CONTRATOS DE TRABALLO.

MÓDULO 8. ADESTRAMENTOS EN TÉCNICAS DE MELLORA PERSOAL DA PERSOA USUARIA.

PERSOAS DESTINATARIAS

Preferentemente profesionais do traballo social colexiadas ou pre-colexiadas e outras profesións con interese na orientación laboral e acompañamento para a procura de emprego con persoas en situación de vulnerabilidade social.

- ● ● ● ● ● ● ● ● ●
- ● ● ● ● ● ● ● ● ●
- ● ● ● ● ● ● ● ● ●




O curso desenvolverase en formato de teleformación e contará con 1 sesión online en directo:

MÓDULOS

DATAS

MÓDULO 1	Do 3 ao 7 de marzo
MÓDULO 2	Do 10 ao 14 de marzo
MÓDULO 3	Do 17 ao 21 de marzo
MÓDULO 4	Do 24 ao 28 de marzo
MÓDULO 5	Do 31 de marzo ao 4 de abril
MÓDULO 6	Do 7 ao 11 de abril
MÓDULO 7	Do 14 ao 18 de abril
MÓDULO 8	Do 21 ao 25 de abril



SESIÓN ONLINE: 29 DE ABRIL
DE 16:00-18:00



CALENDARIO

METODOLOXÍA

A metodoloxía da formación implicará un total de 50 horas de forma que cada módulo implique unha adicación de 5 horas repartidas en 5 días.

Ao remate do módulo 8, o alumnado deberá realizar **un breve exercicio práctico** e unha **proba tipo test** sobre os contidos dos diferentes módulos.


O alumnado contará co apoio da **plataforma Moodle**, a través da que se lle facilitará documentación e outros recursos que se estimen adecuados para o mellor aproveitamento da formación.

Fomentárase a participación do alumnado a través dos seguintes recursos:

- Mensaxes privados mediante a plataforma de formación online (Moodle)
- Foro en cada unidade para atender as dúbidas e aclaracións
- Tarefas prácticas propostas e supervisadas polas docente

Entre o material que poderá atopar na plataforma Moodle, adxuntárase un documento chamado “Guía do alumnado” onde constará o horario de titorías telefónicas, así como un correo electrónico onde poderá enviar as súas consultas ou dúbidas.

AVALIACIÓN



Para avaliar a formación teremos en conta diferentes aspectos do alumnado:

- Evolución nos temarios e cumprimento de prazos.
- Papel activo e participativo.
- Desenvolvemento da capacidade analítica e reflexiva.
- Aproximación aos contidos a través de modelos cercanos á realidade profesional.
- Interaccións entre alumnado e tutores/as.

Instrumentos de avaliación:

- **Foro:** Para facilitar ao alumnado a expresión das súas motivacións e expectativas ao comezo do curso e como instrumento complementario á avaliación a través da apertura de debates.
- **Caso práctico:** O obxectivo do caso práctico é avaliar a adquisición de coñecementos na evolución da formación. Ao corrixilo, ofrecerán feedback sobre a puntuación obtida e os erros cometidos.
- **Avaliación final:** Consiste nunha proba tipo test sobre os contidos xerais da formación. O/a titor/a asignará unha puntuación en función dos criterios de avaliación previamente definidos.



A

ALBA

Máis de 1.000 horas de formación complementaria nos ámbitos penitenciario, de adiccions, violencia de xénero, igualdade, saúde mental, integración socio laboral, intervención con persoas privadas de liberdade, acoso escolar, dinamización comunitaria, aprendizaxe-servizo e prevención da violencia xuvenil.

Experiencia profesional en APES Asociación e no centro penitenciario Pereiro de Aguiar (Ourense): Experiencia en deseño, implementación e xustificación de proxectos no ámbito penitenciario. Programa Reincorpora (Itinerarios Personalizados de Integración Sociolaboral), Programa Punto de partida (Itinerarios de acompañamento social para persoas privadas de liberdade), programas de preparación para a vida en liberdade.

Coordinación do programa Incorpora de Fundación La Caixa, levando a cabo tarefas de intermediación laboral con persoas en situación de vulnerabilidade social.

MORETÓN



M



LAURA

Formación en intervención no eido penitenciario a través da UNED nos anos 2016 e 2017.

Experiencia profesional en APES Asociación dende o 2012 hasta a actualidade intervindo en 6 dos 7 establecementos penitenciarios da comunidade autónoma Galega, principalmente no centro penitenciario Pereiro de Aguiar (Ourense) en : diseño, implementación e xustificación de proxectos no ámbito penitenciario. Programa Reincorpora (Itinerarios Personalizados de Integración Sociolaboral), Programa Punto de partida (Itinerarios de acompañamento social para persoas privadas de liberdade) programas de preparación para a vida en liberdade e programas de voluntariado para persoas reclusas.

Medalla ao Mérito Social Penitenciario outorgada por a Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias (2022)

SUÁREZ





E

ESTEFANÍA

Formación e experiencia laboral no eido da orientación e a docencia.

Experiencia profesional no ámbito educativo, realizando funcións de reeducación e apoio a menores (con NEE e discapacidade) e formación dirixida a profesionais.

Experiencia en APES Asociación dende o ano 2019 a través da colaboración en diferentes proxectos vinculados sempre á formación, orientación e inserción laboral.

Experiencia en deseño e redacción de contido para programas IRPF dirixidos a mellorar a empleabilidade de colectivos vulnerabeis así como a impartición de formación.


Actualmente desenvolvemento das actividades inherentes ao Servizo de orientación laboral como centro colaborador do SPEG: acompañamento no proceso de búsqueda de emprego, desenvolvemento de itinerarios persoalizados e de Garantía Xuvenil e impartición de obradoiros dirixidos á mellora das competencias para a búsqueda de emprego.

GONZÁLEZ



G





Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago
de Compostela

981 568 100

info@traballosocial.gal

www.traballosocial.gal

facebook.com/COTSdeGalicia

[@cotsgalicia](https://twitter.com/cotsgalicia)

